

## Unidade 11. Véndese

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

Un dos dentes cairos levaba días dándome a turra. Bailaba ao son da punta da miña lingua pero non se daba desprendido. A avoa díxome:

—Déixao; xa caerá.

O avó ofreceume axuda:

—Pásоче un fio cun nó e, ras!, nin te decatás.

Eu non quería nin unha cousa nin outra, só desexaba que caese porque xa me estorbaba, pero tiña medo a que me doese. Lola, a veciña, meteume máis canguelo no corpo.

—Mira que non o perdas, que se cho come un becho, o que naza despois hache saír da feita dos do animal que cho coma.

Segundo a Lola, os dentes cando caen hai que botalos na borralla da cociña ou queimalos no lume para que os novos nazan dereitos e sans.

Pasei o día coa man en cunca debaixo da boca e coa lingua botando callo de tanto dálle que dálle ao dente. Pero non fixen nada. Pasou a noite, veu outro día e alí seguía o dente arrandeándose.

Non sei a que hora nin como foi, díxome a avoa que debéra ser por espurrar, pero o dente desapareceu da miña boca e non sei a onde foi parar. Entón si que me agoniei. Corrí a choer as galiñas, isquei o gato, prendín o can, escorrentei todos os paxaros que andaban ao redor da casa e busquei arriba e abaixo, pero do dente nin sinal.

—Igual o tragaches —dixo a avoa, para me sosegar.

Non me acalmou, e o avó aínda retrucou:

—Pois entón si que a fixeches boa. Non me deixaches atalo co fio e agora tes que andar en busca do dente.

Pasei un día terrible. Xa me vía cun cairo novo coma o peteiro dunha galiña, cun miúdo coma os dos ratos, ou aínda cun afiado e grande coma o dun can ou dun porco. Claro que aínda sería peor que o papase unha toupa, unha cobra ou un lagarto. Desbotaba, por ser moi pequeno o bocado para as súas bocas, que o comese unha vaca ou un cabalo, aínda que, quen o sabía!

Cando xa non puideren máis, botei a chorar e fun correndo xunta dos avós. Segundo eles, eu xa era un home feito e dereito para andar choromicando, pero sentíame un desgraciado, incapaz sequera de coidar dun dente desaparecido misteriosamente da miña boca.

Como case sempre pasaba, foi a avoa a que me salvou de que non me nacesse nada raro no sitio do dente que me faltaba, ou de que fose grande, melado e negro coma sarrío. Colleume no colo, limpoume as bágoas e díxome:

—Non te preocupes, neno; o teu dente boteino eu na borralla. Queres saber que becho feo e vello estivo a piques de comelo?

—Si —apureina.

—Pois foiche o avó.

E rimos a unha os tres; os tres, desdentados.



Antonio REIGOSA

## Unidade 11. Véndese

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Contesta estas preguntas.

- Quen é o protagonista da lectura?

Un neno.

- Quen é Lola?

Unha veciña.

- Por que está o protagonista tan pendente do dente?

Porque lle está a piques de caer.

- Onde hai que tirar o dente para que os novos nazan sans?

Á borralla.

- Que lle ofreceu o avó para que caera?

Pasarlle un fio cun nó polo dente.

- A que lle tiña medo?

A que lle dera.

### 2. Cres que realmente foi a avoa a que colleu o dente? Por que?

Resposta libre.

### 3. Escribe dúas posibles explicacións para a desaparición do dente.

Resposta libre.


### 4. Busca no dicionario as palabras das que descoñezas o seu significado e fai unha oración con cada unha.

Resposta libre.

## Unidade 11. Véndese

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 5. Relaciona cada palabra tabú co eufemismo correspondente.



### 6. Escribe unha oración con cada eufemismo.

Resposta libre.

### 7. Substitúe nas seguintes oracións as palabras tabú polo seu eufemismo.

- Abriu un novo centro de vellos.

Abriu un novo centro da terceira idade.

- O irmán de Xosé saíu do cárcere.

O irmán de Xosé saíu do centro penal.

- Poderíame dicir onde está o váter?

Poderíame dicir onde está o lavabo?

- Uxía lévase moi ben cos vellos do seu barrio.

Uxía lévase moi ben cos anciáns/maiores do seu barrio.

### 8. Escribe unha oración con cada eufemismo e indica a que palabra tabú substitúen.

defunción    empregada doméstica    discapacitado    excrementos

Resposta libre.

Morte, criada, minusválido, merda.

## Unidade 11. Véndese

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

**9. Busca en Internet unha bitácora sobre literatura xuvenil e contesta as seguintes preguntas.**

**Resposta libre.**

**10. Se tiveses unha bitácora, sobre que a farías e como a chamarías? Escribo.**

**Resposta libre.**